



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA PROPÓN AO SECTOR DO COMERCIO RETALLISTA GALEGO A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE VENDA EN LIÑA**

- **A directora xeral de Comercio, Ana Rúa Souto, presentará o proxecto durante as xornadas de traballo convocadas nas catro provincias**
- **A idea é desenvolver unha estratexia conxunta entre a Administración e o sector retallista de todo o país para crear unha marca común baixo a que comercializar a mercadoría utilizando as novas tecnoloxías**

**Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2008.-** A Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, iniciou o luns 7 de xullo na Coruña as xornadas provinciais de traballo “Comerciendo na Rede” durante as cales se expón ao sector retallista de todo o país unha novidosa proposta do departamento galego para desenvolver unha plataforma de venda en liña. Esta iniciativa está pensada para poñer a disposición do conxunto do pequeno comercio unha marca común baixo a que comercializar a súa mercadoría a través de Internet apostando así pola introducción das novas tecnoloxías e a modernización do sector. A directora xeral de Comercio, Ana Rúa Souto, foi a encargada de presentar o proxecto acompañada polos respectivos delegados provinciais.

Así, durante os catro encontros que se están desenvolvendo ao longo desta semana por todo o país, expónse ao comercio retallista a necesidade de adentrarse na comercialización a través de Internet empregando unha estratexia conxunta entre a Administración e o sector privado para traballar na súa modernización e adaptación ás necesidades do novo mercado. Neste sentido, a consellaría destaca sobre todo a necesidade de que este proxecto se leve a cabo coa presenza en conxunto e todo o comercio galego para poder desenvolver unha única marca que identifique e ampare ao sector.

Neste sentido, e baseándose nos estudos realizados previamente pola Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, a proposta que se presenta consiste na creación e desenvolvemento dunha plataforma de venda en liña que se poñería a disposición de todos aqueles establecementos que queiran dar os seus primeiros pasos na comercialización en rede ou xa teñan experiencia e queiran aproveitarse desta iniciativa. O sistema permitiría introducir información da tenda, poñer os seus produtos á venda, facer campañas de promoción ou empregar tarxeta de crédito, entre outras facilidades.

O papel do departamento do Goberno galego será o de creación, desenvolvemento e promoción da plataforma, así como asesoramento continuo aos comerciantes que se sumen ao proxecto. Durante os encontros, tamén se solicita aos asistentes que deixen as súas aportacións de cara a introducir melloras no proxecto e planificar as accións futuras no campo as novas tecnoloxías.



### **Datas**

As xornadas de traballo ás que se convidou ao sector do comercio retalista nas catro provincias comezaron o luns 7 de xullo na Coruña; e continuaron ao día seguinte, martes 8, en Vigo. O mércores 9, a convocatoria tivo lugar en Ourense e xa por último, o xoves 10, os encontros clausuráronse en Lugo. En tódolos casos, a hora da convocatoria foi ás 20.30 horas.

Por outra parte, a consellería pon a disposición dos interesados o teléfono 902 233 131 e o sitio web [www.abertal.com/comerciandonarede](http://www.abertal.com/comerciandonarede) onde poderán recabar información sobre esta iniciativa.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**